



\_\_\_\_\_  
**Rúa Baiona, 9, baixo**  
**36209 Vigo**  
**Pontevedra**

**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
REXISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
19/06/2013 09:31:24  
**SAÍDA 78935 / RX 513045**  
Data

**Asunto:** Resolución do Dereito de Petición

Visto o escrito de data **27/06/2013**, rexistrado en data por Don/a \_\_\_\_\_, titular do DNI nº: \_\_\_\_\_, veciño/a de Vigo, con domicilio en Rúa Baiona, 9, baixo, 36209 Vigo exercendo o dereito de petición, establecido polo artigo 29 da Constitución Española e regulado Lei Orgánica 4/2001, de 12 de novembro, reguladora do dereito de petición, e tendo en conta os seguintes:

## **FEITOS**

**Primeiro.** Con data de entrada **27/06/2013** no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia no edificio administrativo de Vigo, con entrada nesta Consellería de Traballo e Benestar en Santiago de Compostela o **04/07/2013**, Don/a \_\_\_\_\_ presenta un escrito exercendo o seu dereito de petición, establecido no artigo 29 da Constitución e regulado na Lei Orgánica 4/2001, de 12 de novembro, reguladora do dereito de petición.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro. Competencia resolutoria.** De conformidade co previsto na seguinte normativa, correspóndelle á conselleira de Traballo e Benestar a resolución do presente escrito exercendo o dereito de petición, en aplicación do disposto na Lei Orgánica 4/2001, de 12 de novembro, reguladora do dereito de petición; no Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; o Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica de Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia; e no Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.



**Segundo. Lexitimación:** Don/a [REDACTED], está lexitimado/a para presentar o escrito exercendo o seu dereito de petición, de conformidade co disposto nos artigos 31 da **Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común**, e de acordo co disposto no artigo 1 da **Lei Orgánica 4/2001, de 12 de novembro, reguladora do dereito de petición**.

**Terceiro.** É de aplicación o artigo 29 da Constitución Española e a Lei Orgánica 4/2001, do 12 de novembro, reguladora do Dereito de Petición que sinala:

**Artigo 3** *Obxecto das peticións:* "Non son obxecto do dereito de petición aquelas solicitudes, queixas ou suxerencias para cuxa satisfacción o ordenamento xurídico estableza un procedemento específico distinto ao regulado na devandita lei. "

**Artigo 8.** *Inadmisión de peticións:* "Non se admitirán as peticións cuxo obxecto sexa alleo as atribucións dos poderes públicos, institucións ou organismos aos que se dirixan, así como aquelas cuxa resolución deba ampararse nun título específico distinto ao establecido na mencionada lei que deba ser obxecto dun procedemento parlamentario, administrativo ou dun proceso xudicial.

*Tampouco se admitirán aquelas peticións sobre cuxo obxecto exista un procedemento parlamentario, administrativo ou un proceso xudicial xa iniciado, en tanto sobre os mesmos non recaera acordo ou resolución firme. "*

**Artigo 9** *Declaración de inadmisibilidade. Prazo*

*1. A declaración de inadmisibilidade será sempre motivada e deberá acordarse e notificarse ao peticionario nos corenta e cinco días hábiles seguintes ao de presentación do escrito de petición.*

*Cando a inadmisión traia causa da existencia no ordenamento xurídico doutros procedementos específicos para a satisfacción do obxecto da petición, a declaración de inadmisión deberá indicar expresamente as disposicións a cuxo amparo deba sustanciarse, así como o órgano competente para ela.*

**-Así a Sentencia A.N. de 29 de outubro de 2010**, sobre o dereito de petición sinala que:

*"Por su parte, la doctrina científica ha señalado que las peticiones a que se refiere el Art. 29 de la Constitución "se entiende que son peticiones graciabes, no fundadas en un derecho subjetivo o en una norma previa habilitante, que es lo que las distingue del derecho de instancia a que se refiere ahora la Ley 30/1992 (...), cuando regula la iniciación del procedimiento a instancia del interesado (art. 70). En este caso la principal virtualidad de la solicitud es que origina el deber de la Administración de contestar y, en caso de silencio, propicia una resolución presunta susceptible del correspondiente recurso. La petición graciable sólo da derecho al acuse de recibo".*



*En el supuesto de autos es patente que los reproches que el recurrente dirige a la Administración así como las medidas que solicita que se adopten, constituyen reclamaciones a formular mediante el ejercicio de los recursos que el ordenamiento reconoce a quienes resulten perjudicados por los actos cuyo contenido motiva el derecho de petición. Resulta, pues, patente que las peticiones que el demandante formula no son peticiones incardinables en el derecho reconocido en el artículo 29 de la Constitución, sino puras y simples reclamaciones ejercitables mediante la interposición de los recursos que el ordenamiento contempla.”*

**Cuarto.** No que respecta a solicitude do dereito de petición é preciso indicar que:

O dereito de petición aparece contemplado no artigo 29 da Constitución Española e en cumprimento do disposto no mesmo, aparece regulado na Lei Orgánica 4/2001, do 12 de novembro, reguladora do Dereito de Petición.

No presente caso procede a inadmisión da solicitude do dereito de petición, en base aos motivos seguintes:

Por aplicación do disposto no artigo 8 da citada Lei Orgánica 4/2001, do 12 de novembro, xa que non se admitirán as peticións cuxa resolución deba ampararse nun título específico distinto ao establecido na mencionada lei que deba ser obxecto dun procedemento parlamentario, administrativo ou dun proceso xudicial.

As peticións reguladas no artigo 29 da Constitución teñen o carácter de graciabes, pero resulta palmario que a petición do interesado non é incardinable dentro do dereito de petición recoñecido constitucionalmente, senón que se trata de meras solicitudes exercitables a través de procedementos iniciados a instancia do interesado, en exercizo do dereito de instancia regulado no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así, é constante a doutrina ao sinalar que as peticións poden ter por obxecto iniciativas, informacións, suxestións, queixas ou súplicas.

Pode servir como método para delimitar o obxecto das peticións proceder á súa diferenciación doutras figuras como a solicitude de iniciación dun procedemento administrativo, o dereito de información ou o recurso administrativo.

a) A diferenza entre petición e solicitude de iniciación vén dada pola presenza de dous factores: 1) a ostentación dun dereito subxetivo e 2) a previsión dun procedemento específico.

Cando o administrado diríxese á Administración pedindo ou solicitando algo por causa de ostentar un dereito subxetivo - como sería o caso do dereito a ser indemnizado polos danos ocasionados a causa do funcionamento dun servizo público ou o dereito á devolución dos ingresos indebidos - non se está exercitando o dereito de petición, senón que se está iniciando un procedemento administrativo.



**O dereito de petición ten por obxecto unha decisión graciable, non fundada nun dereito subxetivo ou nunha norma previa habilitante. En cambio, cando se actúa con base nun dereito ou norma, realmente o que se exercita é o dereito de instancia, o cal identifícase coa solicitude de iniciación do procedemento administrativo a instancia do interesado á que se refire o artigo 70 da Lei 30/1992. Así mesmo, a previsión dun procedemento específico despraza o exercicio do dereito de petición, xa que este non ten por obxecto aquelas solicitudes, queixas ou suxestións para cuxa satisfacción estean previstos procedementos concretos, distintos do que regula a Lei Orgánica 4/2001.**

Pode concluírse que o seu obxecto e utilidade é o de suscitar á Administración todo aquilo que non se pode facer chegar por vía de solicitude, reclamación ou recurso, e que non sexa obxecto dun procedemento predeterminado. Con arranxo a iso, a petición poderá versar sobre calquera asunto - que sexa competencia do órgano destinatario - xa afecte exclusivamente ao peticionario, xa se trate dunha cuestión de interese colectivo ou xeral

En conclusión, son alleos ao obxecto do dereito de petición aquelas cuestións que deban seguir un procedemento administrativo concreto, un procedemento parlamentario ou un proceso xudicial.

**Quinto** No mesmo artigo 8 da citada Lei establécese que *“Tampouco se admitirán aquelas peticións sobre cuxo obxecto exista un procedemento parlamentario, administrativo ou un proceso xudicial xa iniciado, en tanto sobre os mesmos non recaera acordo ou resolución firme”*.

Tendo en conta o anterior, procede a inadmisión a trámite das solicitudes presentadas por estar actualmente en fase de emendas parlamentarias o proxecto de Lei de inclusión de Galicia que foi aprobada polo Consello da Xunta na sesión celebrada o día 25 de abril de 2013 e que virá a modificar os requisitos e contías da actual Renda de integración social de Galicia e que será máis acorde coas solicitudes de petición presentadas

Polo que en definitiva, polos motivos indicados procede en consecuencia a súa inadmisión.

**Sexto.** Na tramitación do expediente observáronse tódolos requisitos legais e regulamentarios esixibles

Na súa virtude, vistos os preceptos legais citados e demais normativa xeral de pertinente aplicación, esta Consellería,



## RESOLVE


**Inadmitir a solicitude** exercendo o dereito de petición presentada por Don/a [REDACTED] [REDACTED] de conformidade co establecido no artigos 89.4 da mesma Lei 30/1992, de 26 de novembro e co artigo 9 da da Lei Orgánica 4/2001, de 12 de novembro, reguladora do dereito de petición, en base ás razóns expostas na fundamentación xurídica.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, de acordo co artigo 109 c) e 116 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ou directamente de acordo co establecido no artigo 12 da Lei Orgánica 4/2001, de 12 de novembro, reguladora do dereito de petición, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo polo procedemento de protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais da persoa establecido nos artigos 114 e seguintes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dez días desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativo competente, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo redacción dada pola Lei Orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de reforma da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2013

A conselleira de Traballo e Benestar  
P.D. sinatura de 31 de xullo de 2013



  
Amparo González Méndez  
Directora Xeral de Familia e Inclusión